



Resolución R 8/2013 - Denegación de colexiación por incumplir as condicións sinaladas estatutariamente

Pleno:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente

D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución no Expediente S 22/2011 iniciado pola Subdirección de Investigación do CGC por causa da denuncia presentada por D. L. M. J. S. contra o Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra, por supostas prácticas restritivas da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1. En data 8 de novembro do 2011 D. L. M. J. S., presentou unha denuncia contra o Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra. O denunciante está colexiado na Orde de Economistas de Portugal e considera que a denegación de colexiación lle impide exercer como economista en España, contravindo a normativa europea de libre circulación de persoas e de competencia.
2. En data do 7 de febreiro de 2012, a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra adoptou formalmente o acordo obxecto do presente expediente nos seguintes termos:

Desestimar la petición de colegiación en el *Ilustre Colegio de Economistas de Pontevedra* de D. Lois Manoel Juncal Sampedro, por no haber acreditado estar en posesión de alguno de los Títulos académicos que habilitan para el ejercicio de la profesión de Economista en España, de Grado y/o Postgrado que resulten de la transformación de las Diplomaturas/Licenciaturas en Ciencias Empresariales, en Economía, en Investigación y Técnicas de Mercado o en Ciencias Actuariales y Financieras ni de otros Estados miembros del EEES equiparable a los de dichos Grados españoles.



3. En data do 9 de decembro de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC adoptou unha proposta de non incoar procedemento sancionador, ao abeiro do disposto nos artigos 49 da LDC e 27 do Regulamento de Defensa da Competencia, ao apreciar que "a denuncia ten por obxecto unha cuestión de legalidade ordinaria relativa ao recoñecemento de títulos profesionais para o exercicio dunha profesión colexiada, que non ten encaixe nas prácticas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da LDC".
4. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou sobre este asunto na súa reunión do 18 de decembro de 2013.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O expediente ten por obxecto analizar se a denegación por parte do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra da solicitude de colexiación presentada por D. L. M. J. S., pode constituír unha conduta prohibida pola LDC. En concreto, dado que a denegación de colexiación se apoia nos estatutos colexiais, debe determinarse se esta pode considerarse unha decisión colectiva prohibida polo art. 1 da LDC.
2. A Lei de Colexios Profesionais declara que a colexiación é un dereito para os profesionais, sempre que cumpran as condicións "senaladas estatutariamente". Para colexiarse no Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra, os seus estatutos esixen estar en posesión de determinados títulos universitarios obtidos nunha universidade española. En caso de que os títulos fosen obtidos nunha universidade estranxeira, esíxese a previa validación destes, dado que non se produciu unha harmonización de títulos a nivel europeo nesta disciplina.
3. O denunciante alega que está colexiado como economista en Portugal e que a devandita colexiación debería ser suficiente para colexiarse en España. Ao noso modo de ver, non corresponde ao Consello Galego da Competencia ditaminar se o denunciante cumpre ou non as condicións que o Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra esixe para colexiarse pois, como sinala a Subdirección de Investigación, se trata dunha cuestión de legalidade ordinaria que deberá ser resolta polas canles oportunas.
4. Con todo, convén advertir que -en contra do que asevera o denunciante- a denegación de colexiación por parte do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra en modo ningún impide ao Sr. Juncal Sampedro exercer como economista en España pois a colexiación unicamente é obrigatoria cando "así o determine unha lei estatal" (art. 3 LCP). Así as cousas, ata que non se promulgue a tantas veces anunciada Lei de Servizos Profesionais, segue vixente o réxime transitorio previsto na Lei de Colexios Profesionais, en cuxa virtude unicamente son de colexiación obrigatoria os colexios que



xa o eran no momento de promulgarse a Lei de Colexios Profesionais, sen que o de economistas se encontre entre os colexios "obligatorios".

5. Todo iso sen prexuízo de que a colexiación obrigatoria tamén poida vir determinada nun futuro por unha lei autonómica, en virtude dos disposto no art. 2.3 da Lei de Colexios Profesionais de Galicia, precepto que motivou a presentación dun recurso de inconstitucionalidade por parte da Administración Xeral do Estado (recurso núm. 8260-2010) actualmente pendente de resolución.

Á vista de todo o anterior, o Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

ACORDA

ÚNICO: Non incoar expediente sancionador e, conseguintemente, archivar as actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada por D. L. M. J. S. fronte a Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra por considerar que non existen indicios de infracción da Lei de defensa da competencia.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia e notifíquese aos interesados, facéndooos saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación.